

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a Lei reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o/a titular do dereito á información é:

- A) Exclusivamente o/a paciente
- B) O/A paciente e os seus familiares directos
- C) O/A paciente e tamén serán informadas as persoas vinculadas a el/ela na medida en que o/a paciente o permita de xeito expreso
- D) O/A paciente e tamén serán informadas as persoas vinculadas a el/ela por razóns familiares ou de feito, na medida en que o/a paciente o permita de xeito expreso ou tácito

2. Na Lei xeral de sanidade, a negativa absoluta a facilitar información ou prestar colaboración aos servizos de control e inspección, está tipificado como:

- A) Infracción leve
- B) Infracción grave
- C) Infracción moi grave
- D) Non está tipificado como infracción na lei

3. Son principios básicos da provisión de prazas do persoal estatutario:

- A) A igualdade, mérito, capacidade e publicidade
- B) A planificación eficiente das necesidades de recursos
- C) A programación periódica das convocatorias
- D) Todos o son

4. O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde establece que son criterios de clasificación do persoal estatutario:

- A) A función desenvolvida
- B) O nivel do título esixido para o ingreso
- C) O tipo do seu nomeamento
- D) Todas as respostas son correctas

5. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento de Galicia exerce a potestade:

- A) Lexislativa
- B) Administrativa
- C) Executiva
- D) Lexislativa e executiva

6. O dereito á información sanitaria dos/das pacientes pode limitarse:

- A) En ningún caso
- B) Pola existencia acreditada dun estado de necesidade terapéutica
- C) Por decisión dos familiares do/da paciente
- D) Por libre decisión do médico

7. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, é un principio da acción preventiva:

- A) Evitar os riscos
- B) Combatir os riscos unha vez se producen
- C) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual fronte á colectiva
- D) Ningunha resposta é correcta

8. O artigo 43.3 da Constitución española establece que fomentarán a educación sanitaria:

- A) As comunidades autónomas
- B) Os poderes públicos
- C) O estado
- D) Ningunha opción é correcta

9. O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, non recolle como unha situación do persoal estatutario fixo:

- A) O servizo activo
- B) A interinidade
- C) Os servizos baixo outro réxime xurídico
- D) A suspensión de funcións

10. A Lei de saúde de Galicia recolle que o Servizo Galego de Saúde:

- A) Foi creado por decreto
- B) Foi creado por lei
- C) É un organismo autónomo de natureza administrativa
- D) As opcións b e c son correctas

Preguntas de reserva

1. O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, cando supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade, está tipificado no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Como unha falta moi grave
- B) Como unha falta leve
- C) Como unha falta grave
- D) Non está tipificado como falta

2. A protección dos datos de carácter persoal está regulada en España, basicamente:

- A) Nunha lei orgánica
- B) Nunha lei ordinaria
- C) Nun decreto
- D) Nunha instrución